

# O sombreiro chichiriteiro

AUTOR: MANNUEL RIVAS

ILUSTRACIÓNS: PATRICIA CASTELAO

**MANUEL RIVAS** entrou na literatura infantil con *Un sombreiro chichiriteiro*. Libro que fala da amizade entre un neno e un sombreiro co trasfondo dun tema tan actual coma o do cambio climático. Esta é unha das grandes apostas de Xerais para este ano, reivindicar a Rivas como un gran autor de literatura infantil, unha das súas facetas máis descoñecidas.

Rivas deuse a coñecer como cofundador do grupo poético Loia, e foi precisamente na revista do mesmo nome onde apareceron as súas primeiras composicións alo por 1977.

Dous anos despois, publicou o seu primeiro libro de poemas co que se revelou como unha voz única dentro da lírica galega. Foi o poema *Pra escarnho e mal dizer* o que lle sirveu para gañar o Premio de Poesía Nova de O Facho, o primeiro dunha longa serie de galardóns que leva xa na súa carreira como escritor, narrador e poeta, resaltando entre todos eles a concesión no ano 1996 do Premio Nacional de Narrativa por *¿Que me queres, amor?*, unha obra escrita orixinalmente en lingua galega. Xa fora finalista oito anos antes no mesmo



certame pola novela *Un millón de vacas*. Algunhas das súas obras máis coñecidas foron adaptadas ao cine, entre elas *A lingua das bolboretas*, dirixida por José Luis Cuerda, ou *O lapis do carpinteiro*, dirixida por Antón Reixa.

Manuel Rivas dedicou tamén gran parte da súa carreira ao xornalismo. Foi e é colaborador en diversos medios de comunicación galegos e estatais como *El País*, *El Ideal Gallego*, ou *La Voz de Galicia*. Tamén colaborou nas revistas *Teima* e *Man Común*. Desenvolveu unha sección fixa no semanario *A Nosa Terra*.

Foi redactor xefe da sección de cultura do efémero semanario *El*

*Globo* e chegou a ser o director da revista cultural *Luzes de Galiza*.

A súa obra literaria está escrita orixinalmente en galego e é considerado na actualidade coma o noso escritor con máis proxección internacional.

A súa obra está traducida a vinte idiomas, entre eles o francés, italiano, inglés, alemán, grego, turco, ruso, finés, holandés, croata e xaponés. ●